



EXPEDIENTE: 2024/E001/000001

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO

TRÁMITE: ACTA 1 DE VALORACIÓN DO TRIBUNAL



Na Casa do Concello de Dodro, sendo ás 13:00 horas do día 16/05/2024 reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 10 de xaneiro de 2024 e pola Resolución da Alcaldía número 30/2024 de 26 de xaneiro de 2024, de corrección de erros.



O anuncio e bases da convocatoria corrixidas foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 31 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 23) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidenta:

María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais: Titular:

Gloria Romero Vidal, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.


Begoña Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.


Secretaria:

María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

A presidenta declara constituído o Tribunal Cualificador.




O Tribunal Cualificador procede a elaborar o primeiro exercicio da fase de oposición que consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test sobre o temario que se detalla no Anexo III das bases de selección, con tres alternativas de resposta, das que só unha delas é correcta. (Acompañase cadro de respostas)



Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización e as respostas incorrectas non restarán puntuación.

O Tribunal decide que o primeiro exercicio da fase de oposición cualificarase entre 0 e 15 puntos, de maneira que para superar a mesma é necesario acadar unha puntuación de 7,5 puntos.



Sendo ás 13:30 horas o tribunal Cualificador procede, na Casa do Concello de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes admitidas ao proceso de selección:

APELIDOS E NOME	DNI
MOURELLE ROMERO, MARGARITA	***175***
RIAL ESPERANTE, ADRIANA	***819***

Repártense as copias dos exames e danse as instrucións para a súa realización.

A proba comeza ás 13:43 horas e transcorre sen ningunha incidencia.

Rematada a proba, comeza a corrección do exercicio, empezando co cotexo co cadro de respostas. Finalizada a corrección dos exames procédese á apertura dos sobres que conteñen a identificación das persoas aspirantes. O resultado é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Resultado do 1º exercicio
MOURELLE ROMERO, MARGARITA	***175***	14,25
RIAL ESPERANTE, ADRIANA	***819***	12,75

Segundo o estipulado polo Tribunal Cualificador en relación á base oitava, das que rexen este proceso selectivo, é preciso acadar un mínimo de 7,5 puntos para superar este exercicio, polo que superaran este exercicio as persoas que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 7,5 puntos.

Non é preciso realizar o segundo exercicio da fase de oposición, xa que todas as persoas aspirantes acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente.

O tribunal decide facer un receso ata as 14: 50 horas, momento no que se continúa co proceso selectivo na fase de concurso de méritos. As persoas aspirantes que NON obteñan a puntuación mínima no primeiro exercicio da fase de oposición e APTO na proba de galego, ou ben acreditaron estar en posesión do Celga 1 ou equivalente da lingua galega, quedan eliminados do proceso de selección, e polo tanto non serán valorados nesta fase.

Á vista do anterior valórase na fase de concurso de méritos aos seguintes aspirantes.

APELIDOS E NOME	DNI
MOURELLE ROMERO, MARGARITA	***175***
RIAL ESPERANTE, ADRIANA	***819***

O Tribunal procede a examinar os méritos alegados, e debidamente xustificados, polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición.

Valóranse os méritos achegados polas persoas aspirantes dentro do prazo de presentación de instancias, segundo os seguintes criterios establecidos nas bases:

“Fase de concurso de méritos (Puntuación máxima 5 puntos) por experiencia profesional en postos de auxiliar de axuda no fogar:

A) Por servizos prestados en calquera Administración Pública na mesma categoría ou posto de traballo á que se pretende acceder, 0,05 puntos/mes completo.

Os períodos inferiores ao mes, computaranse proporcionalmente.

Acreditarase presentando certificado de servizos prestados da administración correspondente, na categoría de auxiliar de axuda no fogar e máis vida laboral completa.

B) Por cada mes de servizos prestados na empresa privada nos mesmos termos indicados nos apartados anteriores, e referidos ós últimos cinco anos: 0,025 puntos/mes.

Os períodos inferiores ao mes, computaranse proporcionalmente.

Acreditarase con informe de vida laboral completo e certificado de empresa ou contrato no que conste a categoría ou posto.

A suma da puntuación destes dous apartados non poderá exceder de 5 puntos.”

O Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros outorga as seguintes puntuacións trala valoración dos méritos referidos:

APELIDOS E NOME	DNI	Méritos por experiencia profesional en postos de auxiliar de axuda no fogar en calquera Administración Pública	Méritos por experiencia profesional en postos de auxiliar de axuda no fogar na empresa privada nos últimos cinco anos	Total (máximo 5 puntos)
MOURELLE ROMERO, MARGARITA	***175***	-	Non acredita conforme ao establecido nas bases	0,00
RIAL ESPERANTE, ADRIANA	***819***	-	0,37	0,37

Finalizadas todas as fases do proceso selectivo, o Tribunal Cualificador procede a establecer a cualificación final dos candidatos/as, determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso do proceso selectivo, cunha puntuación máxima de 20 puntos, co resultado seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL
MOURELLE ROMERO, MARGARITA	***175***	14,25	0,00	14,25
RIAL ESPERANTE, ADRIANA	***819***	12,75	0,37	13,12

Sendo o resultado ordenado por puntuación total decrecente o seguinte:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
MOURELLE ROMERO, MARGARITA	14,25
RIAL ESPERANTE, ADRIANA	13,12

Handwritten signature: Gloria

Handwritten signature: S. S.

Handwritten signature: R. R.

Handwritten signature: B. B.

A vista de todo o anterior exposto, ás 15:00 horas o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Primeiro.- Que se publique a presente acta no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello e Dodro. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Segundo.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para rexer o presente procedemento de selección, PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE, a seguinte formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro, coa seguinte orde de prelación:

1º MOURELLE ROMERO, MARGARITA
2º RIAL ESPERANTE, ADRIANA

Sendo ás 15:10 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

A presidenta



María Lourdes Diéguez
Rarís

A secretaria



María Elisabet Domínguez
Rodríguez

A vogal



Gloria Romero Vidal

A vogal



Begoña Lorenzo Campos

A vogal



Araceli Vázquez Vázquez

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE DODRO.

FASE DE OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO

Cadro de respostas correctas

CADRO DE RESPOSTAS EXAME

1	a	b	c
2	a	b	c
3	a	b	c
4	a	b	c
5	a	b	c
6	a	b	c
7	a	b	c
8	a	b	c
9	a	b	c
10	a	b	c
11	a	b	c
12	a	b	c
13	a	b	c
14	a	b	c
15	a	b	c
16	a	b	c
17	a	b	c
18	a	b	c
19	a	b	c
20	a	b	c
Reserva1	a	b	c
Reserva 2	a	b	c

Flavia B
Leadi
[Signature]
[Signature]
[Signature]

